

## AER DENUNCIARÁ ANTE INSPECCIÓN DE TRABAJO ÁS EMPRESAS QUE TRABALLEN PARA O CONCELLO DE REDONDELA SEN EPIS NIN MEDIDAS BASICAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS



Despois de que o pasado 3 de marzo AER notificara ao goberno local a grave falta de seguridade nas obras que o Concello está desenvolvendo no entorno do Centro Cultural A Miñoteira de Ventosela, vimos de comprobar que non se tomou medida algunha ao respecto. Na parroquia de Ventosela, no parque infantil da Miñoteira, o Concello de Redondela está executando actualmente a obra dun muro de pedra de importantes dimensións. **Estas obras non contan con ningún tipo de balado que impida que os cativos accedan á zona de obras**, co risco que isto implica. A situación resulta máis rechamante cando despois de poñelo en coñecemento do goberno local “os membros da Agrupación vimos de comprobar esta fin de semana que non se tomou ningunha medida ao respecto e a zona de obra, con risco de caída en altura, segue sen estar delimitada e balada”.



Así mesmo, noutras obras que xestiona o concello vense apreciando tamén a despreocupación polo emprego de EPIS (equipos de protección individual), así como polo escaso cumprimento dunhas mínimas medidas de prevención de riscos laborais. Un exemplo claro pódese ver actualmente na páxina oficial de Facebook do Concello, onde dous concelleiros do partido popular supervisan as obras da nova pista polideportiva de Ventosela. Os responsables municipais aparecen impasibles ante traballadores da empresa que realiza a obra sen dotación de cascos e mesmo algúns sen luvas. Unha situación de risco que debería supor a inmediata paralización dos traballos ata que os operarios se equipasen dos correspondentes EPIS e o entorno da obra estivese debidamente sinalizado e delimitado.

Dende AER denunciámos que o goberno local de Redondela se desentenda totalmente no respectivo ás medidas de prevención de riscos das obras que contrata, pero o que é máis grave, **“as imaxes dos concelleiros diante desta situación amosan claramente a súa falta de capacidade para desenvolver os seus cargos para tomar decisións inmediatas de cara a evitar danos maiores aos traballadores”**.



Por estes motivos, AER demanda que o goberno local actúe cunha maior supervisión das obras propias do Concello enviando periodicamente ao funcionario responsable do seu control. Tamén demandamos un maior grado de responsabilidade por parte de tódolos concelleiros e concelleiras do Partido Popular cando presenciaren unha situación de risco, actuando inmediatamente e mesmo paralizándo as obras e abrindo expediente sancionador. A Agrupación considera que aquelas empresa contratadas polo Concello que non cumpran coa prevención de riscos laborais nin realicen a obrigatoria entrega de EPIS aos seus traballadores, sexan descartadas temporalmente de cara a adxudicación de contratos públicos municipais.



Finalmente, a Agrupación de Electores de Redondela, de non apreciar medidas contundentes neste senso, procederá a iniciar unha campaña de supervisión de obras públicas contratadas polo Concello de Redondela, poñendo en coñecemento de inspección de traballo aquelas onde observe posibilidade de incumprimento dos requisitos legais en canto prevención de riscos laborais.

Redondela, 27 de marzo de 2018